

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA
SAUDABLE DO DÍA 17/04/2026**

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. JORGE CUBELA LÓPEZ

VOGAIS: D. PAULA BOUZÓS BARROS en substitución de D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ

D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA

D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA

D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGIS GÓMEZ

D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRIGUEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D. BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ

D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA

Sendo as doce horas e trinta minutos do día dezasete de abril de dous mil vinte e seis, reúnen no Pazo Provincial os/as Sres./Sras. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Jorge Cubela López. Actúa como secretaria a xefa de sección do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade a acta da sesión celebrada o día dezasete de abril de 2026.



2.- Dar conta da aprobación da lista definitiva de menores admitidos e excluídos e fixación da data do sorteo das prazas do “Programa Campamentos a Lanzada”.

O presidente da conta da aprobación da lista definitiva de menores admitidos e excluídos e fixación da data do sorteo das prazas, que se celebrou o 21 de maio de 2026, ás 12:30 horas, na sala de prensa do pazo provincial.

O resultado global este ano é o seguinte:

Admitidos	3.941
Excluídos	100
Nº menores (total)	4.031

PE1 concellos	51
PE2 centros	61
PE3 Príncipe Felipe	25
Total admitidos PE	137

Os campamentos terán lugar entre o 21 de xuño e o 5 de setembro de 2026. Realizaranse once quendas, de sete días de duración cada unha (de domingo a sábado), nas seguintes datas:

- Primeira quenda: do 21 ao 27 de xuño.
- Segunda quenda: do 28 de xuño ao 4 de xullo.
- Terceira quenda: do 5 ao 11 de xullo.
- Cuarta quenda: do 12 ao 18 de xullo.
- Quinta quenda: do 19 ao 25 de xullo.
- Sexta quenda: do 26 de xullo ao 1 de agosto.
- Sétima quenda: do 2 ao 8 de agosto.
- Oitava quenda: do 9 ao 15 de agosto.
- Novena quenda: do 16 ao 22 de agosto.
- Décima quenda: do 23 ao 29 de agosto.
- Décimo primeira quenda: do 30 de agosto ao 5 de setembro.

3.- Dar conta das bases reguladoras para a concesión de “SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE PRINCIPAL NO ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL PARA O ANO 2026”.

O presidente dá conta bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que desenvolvan a súa actividade principal no ámbito inferior ao estatal para o ano 2026.



Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan con algún equipo ou deportista en competicións e actividades de ámbito inferior ao estatal así como a clubs que estean presentes na competición de fútbol Preferente Galicia, coa finalidade de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actividade deportiva.

Poderán beneficiarse destas subvencións os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que participen en competicións e actividades de ámbito inferior ao estatal ou na competición de fútbol Preferente Galicia, de acordo coas liñas establecidas na convocatoria.

A convocatoria conta cun crédito máximo de 700.000,00 euros, distribuído entre as dúas liñas de actuación previstas, dos que 640.000,00 euros se destinan á Liña 1, para clubs deportivos cuxa actividade principal se desenvolva no ámbito inferior ao estatal, e 60.000,00 euros á Liña 2, para clubs que participen na competición de fútbol Preferente Galicia. Este importe poderá incrementarse ata un 25 % nas condicións establecidas pola normativa reguladora das subvencións.

4.- Dar conta das "BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ÁS FEDERACÍONS AUTONÓMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICÍONS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026".

O presidente dá conta bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e ás federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2026.

Estas subvencións están destinadas a financiar parcialmente os gastos subvencionables derivados da organización de competicións e eventos deportivos que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o ano 2026. Poden ser beneficiarios os clubs deportivos sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia e as federacións deportivas galegas e españolas que actúen como entidades organizadoras.

A convocatoria conta cun crédito total de 550.000,00 euros, distribuído en 300.000,00 euros para a Liña 1 e 250.000,00 euros para a Liña 2, importe que poderá incrementarse ata un máximo do 50 % nas condicións previstas pola normativa reguladora das subvencións.



5.- Dar conta das "BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓNS OFICIAIS NO ANO 2026"

O presidente dá conta das bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais no ano 2026.

A finalidade destas axudas é colaborar no financiamento dos gastos derivados da súa actividade competitiva durante a tempada 2025-2026 ou ao longo do ano 2026.

Poderán beneficiarse destas subvencións os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que participen en competicións oficiais nas modalidades de piragüismo, remo e vela. A convocatoria conta cun importe total de 600.000,00 euros, distribuído en 335.000,00 euros para piragüismo, 160.000,00 euros para remo e 105.000,00 euros para vela, podendo incrementarse esta contía ata un máximo do 25 % nas condicións establecidas pola normativa reguladora das subvencións.

3.- Rogos e preguntas.

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás doce horas e cinco minutos do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu, Secretaria, dou fe.

